

Pedro Feijoo
Morena, perigosa e románica
Unha comedia dantesca

Deseño de capa: Miguel Vigo
Fotografía da cuberta: Manuel G. Vicente

1ª edición: outubro 2015

© Pedro Feijoo, 2015
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2015
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.gal
<http://www.xerais.gal>
<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9914-919-6
Depósito legal: VG 554-2015

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Pedro Feijoo
Morena, perigosa e románica
Unha comedia dantesca

*Para Marta,
a quen, ás veces, aínda fago rir.*

21

Se a ocasión é propicia,
esta historia podería ser o canonazo inicial
dun novo desastre universal...

GROUCHO MARX

Co seu permiso, vou introducir un argumento. Non sei se a vostedes lles ocorrerá o mesmo pero, dun tempo a esta parte, hai unha pregunta que non deixa de dar-me voltas na cabeza: que é realmente a vida? Quero dicir, falando en termos clásicos: a existencia é unha traxedia? Ou, talvez, unha comedia? Imaxino que vostedes, que xa se ve que son xente sensata (ademais dun público marabilloso, por suposto), han dicir que, vaia, que como todo na vida dependerá do cristal con que se mire e mais da súa cor. E si, claro, supoño que así será. Aínda que, se lles interesa a miña opinión...

Para min que xa a propia pregunta está moito máis preto da comedia que da traxedia. Si, iso é o que creo. E ollo!, non vaian pensar que por dicir isto vai ser todo na vida riso e felicidade. Non. Porque a comedia é verdade. E mal que nos pese, na verdade sempre hai dor. E velaí, velaí está o malo. Porque o malo, amigos, é que neste conto que é a vida xa sabemos cal vai ser o papel reservado para nós: o de quen sae

perdendo. Tal como eu o vexo, na comedia do mundo a nós sempre nos toca encarnar ese personaxe sobre o que recaen todas as chanzas, todos os sopapos e mais todas as gargalladas. O cal non me negarán que é bastante tráxico... A desgraza, tan necesaria para valorar o verdadeiro peso da felicidade e mais todas as súas virtudes.

E non pensen que estou a falar dunha persoa en concreto, nin tan sequera duns homes sobre outros. Non, a cousa non vai por aí. Non se trata dunha raza contra outra, nin moito menos dun sexo fronte a outro. Non. O asunto vai máis ben como no chiste aquel, coñéceno? Adán fala con Deus e, inocente, preguntalle: «Señor, por que fixeches a Eva tan atractiva?», e Deus responde: «Como senón? Para gustarlle a alguén tan atractivo coma ti.» Orgulloso, Adán segue preguntando e, con voz de babilo, di: «E, Señor, por que a fixeches tan cálida e suave?», e Deus volveu responder: «Como senón? Para gustarlle a alguén tan cálido e suave coma ti.» Adán queda en silencio e, logo de pensalo un intre, engurra o cello e volve preguntar: «Pero entón, Señor, se todo era para que fose do meu gusto... Por que a fixeches tan parva?» Daquela Deus sorrí e contesta retranqueiro: «Como senón? Para que se namorase de alguén tan parvo coma ti!» Para min a vida vén sendo algo así, unha situación da que non sei como o fará Deus, pero desde logo, nin os homes nin as mulleres imos saír nunca ben parados.

Agora, iso si, se hai algo sobre o que non teño dúbida ningunha é precisamente sobre isto: sexa El, o Supremo Facedor, o Grande Arquitecto, o Big Boss, ou como demo queiramos chamar a «ese tal Deus», o que está claro é que, máis alá de calquera dúbida razoable, existe unha forza superior que rexe, observa e probablemente se esmendra de risa

ante a contemplación dos nosos movementos ao longo de todos os códigos postais deste val de bágoas. Como senón explicarían vostedes cuestións como a da calidade fronte á cantidade?

Refírome ao feito cientificamente comprobado de que a única meta verdadeira e subconsciente de calquera especie animal non é outra senón garantir a supervivencia e expansión da mesma especie. Ou sexa, e falando en prata: máis alá desa sensación estraña que adoitamos chamar *amor*, se hoxe estamos aquí reunidos non é en realidade para outra cousa que para procrear. E, sen deixarmos de lado esa mesma claridade, está igualmente demostrado que, á hora de afrontar semellante responsabilidade, o comportamento dun e doutro sexo é completamente distinto. Así, chegado o momento de prepararse para a faena, as femias descóbrense programadas para a calidade. Ou o que é o mesmo: elas observarán primeiro e escollerán despois o mellor candidato de entre todos os pretendentes presentados ao *casting* (onde serán factores de estudo aspectos como a forza do individuo, a súa dotación, os seus recursos, e mais aquelas capacidades que contribúan a fortalecer e mellorar a protección da camada que, evidentemente, acabará por chegar), para garantir a boa saúde da seguinte xeración. Claro até aí? Ben, pois mentres isto ocorre, á súa vez os machos amósanse programados para escoller... Un momento, escoller? Nin moito menos! Os machos están programados para a cantidade, e punto. Non hai tempo para escolla ningunha (tanto é así, que o verbo *escoller* nin sequera aparece recollido no famoso *Diccionario masculino ilustrado da evolución*). Un bo macho non pode perder nin un segundo da súa valiosa vida en pararse a ver cal é a mellor receptora da súa prezadísima semente: todas o son!

Resumindo, que o que temos diante non é outra cuestión que a sempiterna loita entre calidade *vs.* cantidade. E claro, así non hai quen se poña de acordo.

Por se aínda non lles parecese significativo este exemplo, permítanme que lles poña outro un pouco máis próximo. Porque igual pensaban que até agora só estaba falando de todos eses bechiños que saen na tele pola canle dos documentais. Machos e femias, leoas, búfalos e ñus... Déixenme, xa que logo, que lles fale de algo bastante máis próximo: os seres humanos. De feito, imos falar dun tema que a moita xente lle resulta incómodo, e que a min, simplemente, me resulta de recordo complicado: o coito.

Aínda que ás veces teñamos serias dúbidas sobre a conveniencia de tal decisión (sobre todo logo de escoitar algúns coloquios en determinadas canles de televisión), está claro que para garantir aquela supervivencia da especie da que antes falabamos tamén nós necesitamos practicar ese encontro sexual. Sabendo o vagos que somos e o moito que nos gusta deixar as cousas a medio facer, a Nai Natura, os deuses do Olimpo, ou como finalmente decidamos chamar ao Mega-Programador, culminou o deseño dese encontro cun fantástico premio final. Si, estou falando diso que nós, os humanos, coñecemos como *orgasmo* (moitas veces, por certo, unha fin de festa demasiado efémera para o caro que nos saíu o baile, se ben ese é un tema que agora non vén a conto).

A cousa é que, ante ese momento máxico do orgasmo e grazas a unha serie de combinacións hormonais específicas, os nosos cerebros compórtanse de xeito completamente distinto segundo a que sexo pertenzamos. Así, mentres na muller se produce algo parecido ao desexo de estar preto do amante, animada e, polo xeral, con gana de máis troula, no caso mas-

culino as nosas propias hormonas deciden que chegados a ese punto o mellor que podemos facer é... durmir! Di a ciencia que se trata dun mecanismo deseñado para que o macho non abandone o niño, e que para cando esperte, xa máis descansado, estea listo para a seguinte tanda. Pero, home, resulta evidente que así é imposible quedar ben! Miren vostedes: a ciencia xa pode dicir misa, mais para min que isto non é máis ca unha cuestión de «incompatibilidade de programación», e, para máis inri, feito a mala idea. Cando vostedes, parte feminina do público, queren máis, nós, parte masculina, só queremos durmir?! Por forza ten que haber alguén aí fóra, arriba, no ceo, no espazo exterior ou onde vostedes queiran imaxinalo, observando os nosos desencontros e mexando de risa a conta nosa. Alguén, en realidade, que sabía de antemán que isto ía pasar... Quen, díganme, quen senón o propio programador?

Xa o ven, amigos, poden vostedes chamalo como queiran, pero non somos máis que marionetas, monicreques á mercé dunha vontade máis elevada, unha forza superior á que podíamos chamar... Non sei, que tal *Destino*? O mesmo dá, que cadaquén lle chame como prefira. O que resulta obvio é que goberna todos e cada un dos nosos pasos e que, evidentemente, ten un sentido do humor da peor calidade posible...

Así é como vexo eu a vida. Ou desde que outra perspectiva, senón, tratar de comprender a estraña cadea de acontecementos que estou a piques de compartir con todos vostedes?

Sexa como for, no caso de que aínda perseveren no seu empeño de non crer nese tipo de forzas superiores, déixenme entón que introduza unha última idea: as forzas inferiores. Si, amigos, crean vostedes nelas, porque desde logo, e permítanme que llelo diga, unha cousa está clara: que non nos

decatemos do seu potencial non quere dicir que non resulten determinantes nas nosas vidas. Exemplifico: do mesmo xeito que a ningún de nós lle pasaría pola cabeza o importante que pode chegar a ser algo tan insignificante (en principio) como chamarse Ernesto, seguir un coello branco, considerar a parte contratante da primeira parte ou ter á man unha simple toalla de baño até que non nos atopemos perdidos nun bar ao final da galaxia, tampouco estamos preparados para detectar o terriblemente pernicioso que para os nosos intereses poden chegar a ser cousas tan aparentemente insignificantes como unha tarxeta de visita ou unha caixa do correo...

Si, amigos, se lles interesa, e postos a compartir a miña opinión con vostedes, direilles que, tal como eu o vexo, a vida está traxicamente moito máis preto de ser unha comedia, unha de moi mal gusto na que, visto o visto, o importante é non levar demasiados golpes na cabeza. A miña (a miña comedia, non a miña cabeza) iníciase cunha tarxeta de visita. Unha simple e aparentemente inofensiva tarxeta de visita mal posta nunha caixa do correo cunha xanela demasiado pequena. Por certo, xa lles dixen que son vostedes un público marabilloso?

LIBRO PRIMEIRO

un

INFERNO

con vistas á ría

Canto I

O meu nome é Lexión

En realidade, o malentendido comezara moito antes de que ela chamase á miña porta.

—Señora Chismes! –exclamei ao atoparme coa miña veciña ao outro lado—. Vaia, que sorpresa...

—Por favor, señor Odeón, desculpe que o asalte desta maneira –respondeu ao tempo que ela mesma remataba de abrir a porta do meu piso de par en par—. O último que eu quereda nesta vida é molesto.

E aínda que ninguén a convidara a facelo, tal declaración de principios bastoulle á señora Chismes para avanzar imparabile desde o relanzo do noveno andar ao interior do meu apartamento. Foi un voo directo, sen escala no recibidor, de xeito que, cando quixen decatarme, xa quedara só, a carón da porta, cunha tixola na man e un ronsel de cheirume a colonia barata e fritada no nariz. Compreendendo que por aí xa non ía entrar máis que o ar frío das escaleiras, pechei a porta e fun atrás da miña veciña.

Atopeina ao fondo do meu salón. Tampouco é que fose moi difícil: un piso de trinta metros escasos non é que dea para moitos escondedoiros, precisamente... A muller permanecía inmóbil, de pé fronte á fiestra e coa ollada perdida na contemplación da ría de Vigo, unha balsa de aceite aló embaixo. Comodamente sentado sobre o noso vello televisor, Virxilio, o gato co que eu compartía piso, conversa e, ás veces, incluso comida, non lle quitaba o ollo de enriba. Desconcertado polo inesperado da visita, pensei que sería mellor manter unha distancia prudencial. Pousei a tixola que aínda levaba na man a carón do televisor e fun situarme detrás dela; da señora Chismes, debo aclarar, non da tixola.

Non sabendo moi ben que dicir, tamén eu quedei contemplando a paisaxe. Á esquerda, as illas Cíes, alá ao lonxe. Á nosa beira, o monte da Guía e, xusto detrás, os xigantescos piares da ponte de Rande. Cando a miña veciña considerou que o interludio dramático xa fora suficiente, virou sobre si mesma e, por fin, falou.

—De sobras sei que andará vostede atafegado cun milleiro de asuntos máis importantes que o de atender unha pobre veciña asustada coma min.

—Si, ben, a verdade é que estaba a piques de poñerme a facer a comida... —respondín acenando para a tixola, aínda chea de aceite a carón do televisor e mais o gato.

Por completo indiferente ao subtexto do meu comentario, a señora Chismes respondeu collendo teatralmente as miñas mans entre as súas.

—Comprendo, comprendo —tatejou, a todas luces sen comprender e sen importarlle nada a moita ou moitísima fame que eu puidese levar comigo a aquelas horas do día—. Pero, por favor, señor Odeón, permita que lle explique algo:

cando unha muller coma min se atreve a perturbar a tranquilidade dun home de acción coma vostede no seu fogar é porque o necesita. Verdadeiramente.

—Un home de acción coma min? Vaia, abrúmame vostede...

—E logo? —respondeu aparentando non entender o meu desconcerto.

—Coa súa perspicacia, quero dicir. Abrúmame vostede coa súa perspicacia... E di que me necesita, entón?

—Exacto —confirmou cravando intensamente os seus ollos nos meus—. Necesítoo.

—Vaia...

—Moito —especificou.

—*Moito*, di vostede?

—Moitísimo.

E esta vez a súa resposta veu acompañada dun sutil movemento do seu corpo, curiosamente en dirección ao meu.

—Vaia —traguei cuspe—, pois entón supoño que a comida poderá esperar, xa que logo... E de que tipo de necesidade estamos a falar, entón?

A señora Chismes, a veciña do 2º dereita, soltou as miñas mans e, afastándose de min, deixouse caer sobre o despoxo que me fai ás veces de sofá, dándolles ás dúas cascudas que alí botaban a sesta o tempo xusto para se poñeren a salvo de non morrer esmagadas.

—Trátase do meu fillo, señor Odeón.

—O seu fillo —repetín mentres sentaba onda ela.

—Si, o pámpano do meu fillo. A desgustos, don Dante, o animal del...

A señora Chismes mordeu o beizo xusto cando a súa voz comezaba a soar furiosa, quizais mesmo un chisco rabiosa

de máis. Debeu de pensar que talvez esa non fose a mellor maneira de se amosar ante min, porque ao momento reconverteu as formas da súa carraxe noutras máis amigables.

—Por favor, prégonlle que me desculpe, é a angustia a que fala pola miña boca. O malpocado do meu fillo, quería dicir, que me vai matar a desgustos...

O escaso da distancia á que me situara con respecto á miña veciña permitíume comprobar que á angustia aquela que falaba pola súa boca apestáballe o alento a coñac, tabaco, e algo máis, algo sen forma recoñecible pero putrefacto moi probablemente xa desde moito antes de que o home das cavernas inventase o cepillo de dentes.

—Ben, xa sabe vostede o que din —aleguei, máis por evitar aquela bafarada infernal que porque tivese nada que dicir—, os cativos de hoxe, máis que lles dás, máis que che piden, verdade?

—Cativo? —a muller engurrou o cello—. Home, non sabería que dicirille, señor Odeón...

—E logo?

—O meu Miqui vai xa para os vinte e cinco.

De acordo, talvez debería prestarlles máis atención aos meus veciños. Ben, *máis*, ou simplemente algunha.

—Vinte e cinco, di vostede? —arqueei as cellas—. Si, ben, cólleselles cariño, e logo xa non sabe un onde remata o neno e onde comeza o home... Tanto ten, o importante é que estaba vostede a piques de me explicar algo sobre o seu fillo.

—Si —respondeu recuperando o ton dramático de antes—. Verá...

Pero non vin nada. Ou polo menos nada do que agardaba. Aparentando un lixeiro sufoco, sen dúbida motivado pola angustia que os desgustos do fillo lle provocaban, a señora

Chismes parou para tomar aire. Fixo o aceno de se dar aire coas mans, botou a cabeza para atrás, e eu non puiden deixar de fixarme na pinga de suor que, suxestiva, lle esvaraba pescozo abaixo, a piques de se perder xa nas profundidades do seu máis que xeneroso escote. E, se queren que sexa sincero, creo que se a señora Chismes chega a tardar medio segundo máis en falar, eu empezaría a hiperventilar sobre a súa blusa.

—O problema —arrancou á fin— é que xa son moitos os días que levo sen novas do meu Miqui. O que me preocupa non é que desapareza de cando en vez. Que bote dúas ou tres noites seguidas por aí é algo ao que xa me ten afeitada. Pero se ao terceiro día ninguén deixa o seu corpo, medio inconsciente, medio espido, e por completo apestando a xenebra na miña porta, entón si, aí si que me preocupo. E desta volta vai xa para unha semana que non sei nada del, señor Odeón, unha semana!

—Vaia, pois si que parece terrible a situación, si —respondín finxindo compartir a súa angustia—. O que non acabo de ver é como podería axudala eu, señora Chismes. Como non sexa botando man da química... Precisa pastillas? Ansiolíticos, antidepressivos, talvez? Podo ofrecerlle un antihistamínico, se o prefire. Sei que non é o mesmo, pero vaia, a min funcióname. E ademais non collo catarro ningún.

Por un intre a señora Chismes quedou mirándome desconcertada, sen saber moi ben que responder. Ao final rompeu nunha gargallada nerviosa.

—Por favor, señor Odeón, hai que ver como é vostede!

—Eu? —respondín máis desconcertado ca ela—. Ben, boa xente, supoño. Ou polo menos dependendo de cales sexan as súas referencias. En comparación co Vampiro de Düsseldorf saio gañando.

—Por suposto que si, don Dante. E precisamente por iso veño contarlle o meu problema. Porque é vostede unha boa persoa, valente e, se me permite que llo diga —xuraría que o seu ton soou aquí lixeiramente incitante—, terriblemente atractivo...

E miren, que queren que lles diga: razón non lle falta. Ou case...

Vale, de acordo: para ser máis exactos imos cambiar o *falta* por un máis honesto *faltaría*. Porque a señora Chismes ben que daría no cravo de non ser por unha serie de pequenos detalles dignos de consideración. Velaí:

1. Eu son un deses moitos, moitísimos individuos anónimos, tipos de aspecto indefinido cuxo nome tamén podería ser Lexión.
2. Non é que sexa ningún pigmeo, pero alto tampouco son. E, sobre esta complexión que gasto, digamos que máis que atlética vén sendo a propia dos que non comen nin tanto nin con tanta frecuencia como lles gustaría.
3. A miña tremenda miopía obrígame a levar lentes, uns cristais de cu de vaso montados en pasta que, seguramente, non estiveron de moda nin o día en que os fabricaron, moitos lustros atrás.
4. Son un pouco indeciso (creo).
5. Traio de serie todos os achaques propios da miña idade e, de regalo, tamén os dos que teñen unha ou dúas ducias de anos máis ca min.
6. Durmo mal, esperto moi cedo, pola mañá dóenme as costas, polas tardes vou canso de máis, á noite dóeme

todo e, aínda así, sigo a deitarme moito máis tarde do que o meu corpo e mais o noso veterinario din que debería.

Así pois, se chega o día en que semellante constelación de imperfeccións persoais se pon de moda, daquela si. Mais, para serlles sincero, hoxe aínda estou bastante lonxe de ser o que se di «terriblemente atractivo». Por iso, á luz da prolixa relación de evidencias que acabo de expoñer quedaba claro que o que a señora Chismes precisaba con desesperación de min era algo máis que pastillas...

—Pois si, señora Chismes.

—Por favor, chámeme Gladis.

—Por suposto. Pois si, Doris...

—Gladis.

—Iso mesmo. A verdade é que mo din con moita frecuencia.

—O que? —preguntou ela achegando o seu corpo un pouco máis ao meu.

—O do meu atractivo, por suposto —recordeille nervioso, simulando afastar da miña fronte un guecho de cabelo moitos anos atrás perdido—. Dinmo..., constantemente.

—Por suposto —repetiu ela, terriblemente sedutora. Mágoa daquel alento seu, tamén *terriblemente*... terrible.

—En fin —atallei tragando cuspe—, que lle parece se agora aparcamos este asunto, e nos centramos en como podo axudala? Con iso do seu fillo, quero dicir...

Sentada a moi pouca distancia de min no meu sofá de xenuíno escai de importación, a señora Chismes aínda tardou un anaco en responder, supuxen que ocupada en buscar a mellor combinación de palabras coa que poñerme ao corrente

da situación. E mentres o facía non deixaba de xogar cos baixos da súa saia, un discretísimo estampado de flores en tons verdes, lilas e amarelos fluorescentes, ora amosando os seus xeonllos, ora escondéndoos. Xeonllo para arriba, xeonllo para abaixo. A piques estaba eu de ter unha esnogadura de noz, de tanto tragar e volver tragar cuspe, cando por fin se decidiu a falar.

—Verá, señor Odeón: como xa lle dixen antes, o último que quero é facerlle perder un segundo do seu tempo, que me consta vale moito. Pero é que a min dáme que o pobre Miqui anda metido nalgunha lea, en algo serio. Unha nai percibe esas cousas aquí, no corazón –dixo poñendo enérxica unha man sobre o seu peito dereito, por outra banda incrivelmente xeneroso no que a volume se refería–. E máis tendo en conta que o coitado nunca soubo elixir ben as súas amizades... O malpocado sempre tivo ollo clínico para escoller as súas compañías entre o melloriño do barrio, vostede xa me entende.

Fixo unha pequena pausa, un reforzo dramático antes de reiterar a súa petición:

—Axúdeme, don Dante, axúdeme a atopar o meu anxiño, e eu... –nova pausa, nova ollada, nova pinga escorregando pescozo abaixo–, eu saberei recompensalo como vostede merece...

Pronunciou esta última frase moi lentamente, asegurándose de que eu comprendía cada vogal e mais cada consoante pronunciada. E, ao facelo, acompañou a súa perfecta dicción cun novo movemento de aproximación, esta vez menos sutil e máis definitivo, deixando os nosos corpos a tal distancia que, agora si, entre eles xa non quedaba espazo nin para as dúbidas.

—Escoite, Dante... –murmurou suavemente na miña orella.

—Dígame, Doris.

—Gladis.

—Si, as dúas. Díganme.

—Dada a súa profesión, no edificio estamos todos convencidos de que non hai no bloque ninguén máis capacitado que vostede para atopar o malpocado do meu fillo e traelo de volta para a casa.

Falaba moi a modo, os seus beizos case pegados aos meus, e, mentres o facía, o seu dedo non deixaba de xogar cos botóns da miña camisa.

—E non, non se preocupe —continuou, poñendo agora o seu índice sobre os meus beizos, coma se estivese silenciando algo que, en realidade, eu non ía dicir. En realidade, nese momento eu non sería quen de dicir nin *Mondoñedo*—. Vostede non terá de que preocuparse, que o seu segredo queda a salvo comigo...

Doris, Gladis, ou como diaños se chamase a señora Chismes seguía alí, coa súa man esquerda acariñando os meus beizos, os seus ollos agora postos nos meus, e toda a súa solemnidade e mais un talle cen de suxeitador na man dereita. E, xusto ao seu carón, eu, aínda máis perdido que ao principio do noso encontro. *O meu segredo?* Pois moi ben, pero... cal deles? E, sobre todo, a que demo se refería con iso de que no edificio estaban todos convencidos? Convencidos, de que? E quen raio eran eses *todos*?

—Desculpe —dixen afastando por fin a súa man da miña boca—, pero creo que non acabo de comprender...

Ladeou a cabeza e deixou escapar un sorriso cómplice.

—Vexo que se resiste vostede a confiar... Pero insisto —insistiu—, non é preciso que disimule, aquí xa todos sabemos que vostedes teñen que ser discretos. Compréndoo. Ben é

verdade que na súa caixa do correo non se chega a ver con claridade, mais polo pouco que a xente comenta está ben claro que no barrio non hai outro coma vostede.

Quedei mirando para ela, cada vez máis e máis desconcertado.

—Outro... coma min?

—Si —respondeu xa case pegando os seus beizos aos meus—, outro coma ti: axente secreto.

Ben, moi ben. De acordo. Aquí é onde vostedes poden darlle ao botón de *pause*. Déanlle, e deixen que durante uns intres a imaxe da señora Chismes, aquí sentada ao meu carón, quede como a nómina dun funcionario calquera: conxelada.

Porque de todas as medias verdades que a miña veciña está a nos meter a min e, de rebote, a vostedes, temo que sexa esta última a máis grande e, porén, supoño en realidade que tamén a máis inconsciente. *Axente secreto*, eu? A ver...

Quizais de pretendelo antes, de ser eu máis alto, máis forte o meu corpo e menos planos os meus pés..., pois miren, non lles digo que non. Pero agora, evidentemente, non. Dos moitos, moitísimos oficios que ao longo da miña vida tiven ocasión de desempeñar, o de misterioso axente secreto non figura no meu currículo.

Aclarado este asunto, vostedes estarán a pensar que, evidentemente, o meu seguinte movemento será o de sacar a miña veciña do erro perceptivo en que se atopa, non si? Deixen que lles expoña un argumento: non.

Nin moito menos.

Escoiten, en realidade non é que eu sexa un deses lobos solitarios, e se agora estou só é porque xa saben vostedes o que din, iso de que máis vale só que rodeado de xente que

che queira partir as pernas... Pero que queren que lles diga, isto da soidade non vai comigo, e todo apunta a que agora, aquí na compañía da señora Chismes, podíamos estar ante unha boa oportunidade... Quero dicir, coñecen vostedes iso que din sobre as oportunidades? Xa saben, refírome ao de que «sempre hai que dar unha segunda oportunidade». Ben, pois digamos que eu estou atravesando unha época da miña vida en que podería ampliar o concepto e dicir que, vaia, chegou o momento, trinta e sete oportunidades tampouco me parecen tantas... Xa que logo, e volvendo a el, neste intre que vostedes teñen aínda conxelado eu estou a considerar esta posibilidade: se, como din os mariñeiros, «todo o que vén na rede é peixe», por increíble que pareza é moi probable que polas redes da miña porta acabe de entrar a mesmísima balea branca. Que por que? De acordo, permítanme que lles conte un par de cousas...